EC-B3.3	<p>4º-ECB3.3.2 - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.</p> <p>Peso: 2%</p>			X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CAA CSC

EC-B3.4	<p>4º-ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.</p> <p>Peso: 4%</p>	Mínimo esixible		X		<p>PROCEDEMENTOS:          Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CCL CMCT
EC-B3.4	<p>4º-ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p> <p>Peso: 3%</p>	Mínimo esixible		X		<p>PROCEDEMENTOS:          Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CD
EC-B3.4	<p>4º-ECB3.4.3 - Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.</p> <p>Peso: 1%</p>			X		<p>PROCEDEMENTOS:          Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CAA CD
EC-B3.4	<p>4º-ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p> <p>Peso: 3%</p>	Mínimo esixible		X		<p>PROCEDEMENTOS:          Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CCL CD CMCT
EC-B3.5	<p>4º-ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.</p> <p>Peso: 1%</p>			X		<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	CCL CAA CMCT

**Bloque 4: Economía e ingresos e gastos do Estado**

EC-B4.1	4º-ECB4.1.1 - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSC
EC-B4.1	4º-ECB4.1.2 - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMCT
EC-B4.1	4º-ECB4.1.3 - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSC
EC-B4.1	4º-ECB4.1.4 - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.  Peso: 1%				X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CSC
EC-B4.2	4º-ECB4.2.1 - Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CMCT
EC-B4.3	4º-ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CCL CMCT

	desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.  Peso: 3%					INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC
EC-B4.3	4º-ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda  Peso: 2%				X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA CD CMCT
<b>Bloque 5: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>							
EC-B5.1	4º-ECB5.1.1 - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CSC
EC-B5.1	4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CMCT CSC
EC-B5.1	4º-ECB5.1.3 - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.  Peso: 2%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMCT
EC-B5.2	4º-ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.  Peso: 2%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CMCT CSC
EC-B5.2	4º-ECB5.2.2 - Analiza os				X	PROCEDEMENTOS:	CD CSC



	datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.  Peso: 1%					Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
EC-B5.2	4º-ECB5.2.3 - Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego  Peso: 1%				X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CD
<b>Bloque 6: Economía internacional</b>							
EC-B6.1	4º-ECB6.1.1 - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.  Peso: 1%				X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA CSC
EC-B6.1	4º-ECB6.1.2 - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.  Peso: 2%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CSC
EC-B6.1	4º-ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.  Peso: 1%				X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA CD CSC
EC-B6.1	4º-ECB6.1.4 - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.  Peso: 3%	Mínimo esixible			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CD CSC

EC-B6.1	<p>4º-ECB6.1.5 - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.</p> <p>Peso: 2%</p>					X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CAA CSC</p>
---------	--	--	--	--	--	---	---	--------------------

**CONTIDOS:**

Contidos
<b>Bloque 1. Ideas económicas básicas</b>
B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.
B1.2. Principios na toma de decisións económicas.
B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.
B1.4. O método na economía: modelos económicos.
B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.
B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.
<b>Bloque 2. Economía e empresa</b>
B2.1. A empresa e o/a empresario/a.
B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.
B2.3. Clases de empresas.
B2.4. Formas xurídicas da empresa.
B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.
B2.6. Sectores da actividade económica.
B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.
B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.
B2.9. Resultados da empresa.
B2.10. Obrigas fiscais das empresas.

Contidos
<b>Bloque 3. Economía persoal</b>
B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.
B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.
B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.
B3.6. O diñeiro. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.
B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.
<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>
B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.
B4.2. A débeda pública e o déficit público.
B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.
<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>
B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.
B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.

Contidos
<b>Bloque 6. Economía internacional</b>
B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.

### **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.**

A metodoloxía é o xeito concreto no que se organizan, regulan e interacionan os diversos compoñentes que interveñen no proceso de aprendizaxe: obxectivos, contidos, actividades, avaliación, recursos e medios didácticos, así como alumnado, profesorado e en definitiva toda a comunidade educativa.

Os principios metodolóxicos que se aplicarán serán entre outros:

1. Consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común así como os diferentes ritmos de aprendizaxe, de xeito que se favorezan a capacidade de aprender por un mesmo e promovan a aprendizaxe en equipo.

2. Metodoloxía nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo.

4. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Metodoloxía proposta para a materia de Economía:

1. Técnicas de procura e uso de bibliografía. A indicación das fontes de información é imprescindible para que o alumno poida acceder a información que necesite de forma

autónoma, para evitar así que o alumnado sexa un protagonista pasivo da aprendizaxe. Búscase unha aprendizaxe significativa para que se constrúa unha propia idea de cada tema tratado e os argumentos sólidos para que o alumno a poda defender diante o resto do alumnado e o profesor.

2. Comentarios de texto. A comprensión dos textos tratados é un elemento fundamental da para sacar conclusións dos temas tratados. É preciso que o alumnado comprenda os textos propostos polo profesor e saiba o significado das palabras que poidan ter un especial dificultade por ser propias do campo social .Búscase :

- a) Lectura atenta dos textos propostos
- b) Realizar esquemas e resumos dos textos.

3. Sesións de comentario de documentais e películas. Este é un elemento dinamizador das clases.

4. Debates. Preténdese con esta ferramenta desenvolver o campo das destrezas de expresión oral, o respecto a opinión do outro, a tolerancia aos que pensan dunha maneira diferente. É importante o estudio previo do debate, coa distribución por grupos, moderador, quendas de palabra,...

5. Elaboracións de traballos monográficos. Esta actividade pode servir de síntese dos coñecementos adquiridos na aula. Asemade , esta actividade pode enriquecer tamén o profesorado cos aportes do alumnado. Para elo utilizarán as TICS con acceso a internet e a bases de datos relevantes para a materia.

6. Proxectos de investigación que potenciarán as técnicas de indagación individual ou en grupo e que favorecerán a aplicación do aprendido á vida real utilizando as TICS con acceso a internet e a bases de datos relevantes para a materia.

7. Realización de exercicios e problemas así como a realización de gráficos que sinteticen series extensas de datos tratando así de fomentar a competencia matemática e a capacidade de análise nos alumnos.

8. Potenciar estratexias de observación da realidade económica mundial favorecendo unha actitude crítica e analítica sobre os problemas socio- económicos e medioambientais e sobre as solucións que se propoñen.

## **5- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Para o desenvolvemento da programación non se seguirá ningún manual. Os contidos, serán facilitados aos/os alumnos/as adecuadamente elaborados polas profesoras do Departamento.

Os recursos didácticos que se empregarán son:

- Apuntamentos elaborados polo Departamento
- Prensa diaria de ámbito local, rexional ou nacional, estudos de ámbito rexional ou comarcal, revistas especializadas, etc.
- Biblioteca do centro
- Estatísticas, táboas de datos e gráficos elaborados por diversos organismos
- Presentacións a través de distintos programas informáticos
- Canón de proxección
- Presentacións Power-point
- Pizarra dixital
- Vídeos
- Internet.

## 6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Bloque 1. Ideas económicas básicas	
▪	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.
▪	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.
▪	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.
Bloque 2. Economía e empresa	
▪	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.
▪	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.
▪	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.

- B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.

- B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.

- 
- 

### Bloque 3. Economía persoal

- B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.

- B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.

- B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.

- B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.

- B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.

### Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado

- B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.

- B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.

- B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.

### Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego

- B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.

- B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.

#### Bloque 6. Economía internacional

- B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos na avaliación que estará baseada nos seguintes aspectos:

- Probas escritas: 20 %. A cualificación neste apartado calcularase como media das notas obtidas nas probas que se realicen en cada avaliación. Terase en conta á hora de cualificar o acerto e a precisión na resposta ao tema ou cuestións expostas, a expresión escrita, o uso adecuado da terminoloxía específica da materia e do razoamento económico.

- Tarefas, exercicios, actividades e traballos monográficos, individuais ou de grupo: 70%. A cualificación neste apartado calcularase como media das notas obtidas nos mesmos. Para obtela valorarase a presentación en tempo e forma adecuados, o grao de adecuación do traballo, a súa expresión escrita, ortografía, a utilización rigorosa da linguaxe e o razoamento económico.

- Probas diarias de coñecemento e observación directa: 10%. A nota deste instrumento calcularase como media das notas obtidas nos mesmos, para obtela valorarase interese pola materia, intervencións, iniciativa, etc.

Se nalgún trimestre non se propoñen probas escritas que puntúen, ou estas son escasas, a puntuación correspondente acumularase á nota das tarefas, actividades e traballos realizados.

Para aprobar a avaliación trimestral o alumnado deberá ter unha nota global de 5 puntos ou superior e ter aprobadas todas as probas obxectivas realizadas.

De non cumprirse o anterior, a nota trimestral se calculará segundo os seguintes criterios:

a) Se a nota media resultante é de 5 ou superior pero ten suspensa algunha proba obxectiva a nota trimestral será de 4. Se o alumno/a non entrega algunha tarefa de entrega obrigatoria, a nota non poderá ser superior a 4, aínda que a media das probas escritas sexa de 5 ou superior.



b) Se a nota media é menor que 5, a cualificación trimestral será a nota media calculada.

Nota final:

1. Para superar a materia o alumnado deberá ter unha nota de 5 ou superior no total da materia.
2. As probas non superadas poderán ser recuperadas nunha proba obxectiva final. Nesta proba só é necesario recuperar as unidades didácticas non superadas durante o curso.
3. A nota final será a media das notas trimestrais. Estas notas trimestrais estarán modificadas en función das cualificacións obtidas nas partes recuperadas na proba final.

### AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Técnicas:

- Técnicas de observación: mediante a observación do índice de participación do alumno, a súa capacidade de expresión oral e escrita, habilidades, destrezas, nivel de razoamento, atención, etc.
- Técnicas de medición: mediante pequenas probas orais e escritas, revisión dos cadernos, corrección de actividades e traballos, etc.

Instrumentos:

- Elaboración de mapas conceptuais
- Seguimento do caderno do alumno
- Follas de rexistro para a valoración da expresión oral e escrita e do traballo en grupo
- Probas escritas (exames, traballos, exercicios, actividades, etc.)

### PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN:

Dado que se trata dun proceso de avaliación continuo, a recuperación de avaliacións pendentes estará suxeita a un cambio nos instrumentos de avaliación non acadados.

Os/as alumno/as que non alcancen os niveis suficientes nalgunha das avaliacións realizarán actividades de reforzo e recuperación que lles permita chegar a conseguilos.

Estas actividades consistirán en: elaboración de esquemas, realización de novos exercicios, formulación de cuestións, lectura e análise de novos textos, traballos, etc.

Así mesmo, aqueles alumnos e alumnas que non superen a materia por avaliacións, deberán realizar unha proba escrita dos contidos teóricos e prácticos abordados no curso ao final do mesmo. Será necesario acadar unha calificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

De non superar a materia en xuño, en setembro seguirase o mesmo procedemento que o indicado en xuño para os alumnos ou alumnas que non superaron a materia por avaliacións.

## **7- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Trimestralmente farase unha reunión do departamento de economía co fin de facer o seguimento do proceso de ensino nos diferentes grupos e a consecución dos obxectivos desexados.

Para elo, utilizaranse como fonte de información , entre outras, os análises derivados de cuestionarios de autoavaliación e coavaliación que entregaremos aos alumnos ao final de cada trimestre e ao final do curso.

## **8- ORGANIZACIÓN DO SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES:**

Aqueles alumnos que teñan pendente a materia de Economía do ano anterior deberán realizar as actividades de reforzo e recuperación que lles propoña o profesor.

Estas actividades consistirán en: elaboración de esquemas, realización de novos exercicios, formulación de cuestións, lectura e análise de novos textos, traballos..

Así mesmo, aqueles alumnos e alumnas coa materia pendente, deberán realizar unha proba escrita dos contidos teóricos e prácticos abordados no curso . Será necesario acadar unha calificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

Seguirase o mesmo procedemento que o indicado en xuño para os alumnos ou alumnas que non superaron a materia por avaliacións.

## **9- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

A avaliación inicial aportará información para que o profesorado poida tomar decisións respecto ao nivel de profundidade a hora de desenvolver os temas e as estratexias de aprendizaxe necesarias en cada caso.

A devandita avaliación inicial será realizada polo profesorado do grupo aproximadamente un mes dende o inicio do curso.

Para elo:

Observaranse os coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase

Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor

Realización dunha sesión específica de valoración dos alumnos ó final do primeiro mes de aula.

Medidas individuais ou colectivas a adoptar:

- Atención personalizada na aula

- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor
- Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente
- Consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor.

## **10- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Os/as alumno/as poden alcanzar ao longo do curso distintos niveis de aprendizaxe. Mediante a atención á diversidade trátase de considerar as necesidades concretas que, no proceso de ensino-aprendizaxe, presente os/o alumno/as que se sitúen por encima e por baixo do nivel obxectivo. A propia metodoloxía da materia implica unha atención á diversidade a través da realización de tarefas e actividades diarias:

a) Alumnos/as por encima do nivel obxectivo:

Terán un tratamento global todo/as aqueles/as que teñan un nivel similar. Proporánselle actividades que poderán consistir en:

- Realización de traballos, proposta de debates, problemas, comentarios de texto, etc., de complexidade superior á media, que traballarán individualmente ou en grupo e porán en común posteriormente baixo a supervisión da profesora.

b) Alumnos/as por baixo o nivel obxectivo:

O tratamento será individualizado, en función das necesidades que teña cada un.

Entregaránselles novas prácticas, textos por comentar.. de complexidade progresiva, para a súa realización tanto na aula como fóra dela, con axuda, en ocasións doutros compañeiros que alcanzasen un nivel superior.

Estas actividades serán analizadas, interpretadas e coavaliadas entre o alumno/a e a profesora.

Ante problemas de especial dificultade estarase en contacto co Departamento de Orientación

## **11- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.**

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, e no caso da materia de economía traballarase na aula tanto mediante a realización de traballos escritos, como de presentacións orais, utilizando as TICS para elo.

2. Promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, sexual ou social que no

caso da materia de economía farase tratando diversos temas de actualidade como a brecha salarial existente entre homes e mulleres, as dificultades de acceso destas a postos directivos, a conveniencia ou non da discriminación positiva relacionada cos distintos colectivos sociais, etc.

3. A materia de economía, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Na materia de Economía trataremos temas controvertidos como a globalización económica, o crecemento económico, o reparto da renda, a importancia do sector público e dos impostos como vía para financiar o mesmo. Todos estes temas propiciarán a realización de debates, traballos e presentacións nas que se fomentará a concienciación dos alumnos da inxustiza das desigualdades sociais e económicas pero tamén das vías adecuadas para intentar solventalas.

4. A realización das actividades programadas para o aula e mencionadas anteriormente, tratarán de fomentar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, que son a base do emprendemento e da iniciativa empresarial.

## **12- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Aterase as actividades acordadas no Departamento e remitidas a CCP

## **13- APLICACIÓNS DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO**

### **PLAN LECTOR**

Os alumnos deberán ler e analizar prensa diaria así como diversas fontes de información necesarias para a realización de traballos, debates, etc

### **PLAN DE INTEGRACIÓNS DAS TICs**

Como dixen antes, as tecnoloxías da información e comunicación ,utilizaráanse como ferramente do proceso ensino-aprendizaxe. Os alumnos acudirán cunha periodicidade semanal a aula de

informática, e nela, desenvolveráanse diversas actividades nas que o manexo das tecnoloxías da información será o eixo central. Utilizaráse Internet como ferramenta explicativa, e mesmo como ferramenta de axuda na procura de información válida para a realización dos traballos correspondentes.

- Sesións de investigación e búsqueda de información de diversos temas en Internet, tanto pola súa conta en casa como en sesións controladas e dirixidas na Aula de Informática.
- Tódolos trimestres van presentar un traballo en grupo, relacionado coa temática ou que sexa de actualidade.
- Tódolos temas van ter referencias a páxinas Web.

### CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Nesta materia, desenvolveranse ao longo do curso diversos traballos e actividades, polo tanto, incidiremos de xeito especial no traballo en grupo, potenciaremos as relacións de traballo entre eles, e introduciremos o concepto de sinerxia; como a unión, o traballo en equipo, a solidariedade e o compromiso cos outros....., son piares básicos na sociedade, pero tamén no mundo da empresa, e moito máis para levar adiante( e con éxito) un proxecto empresarial.

### **14- MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Farase un seguimento da presente programación en reunión de departamento ao final de cada trimestre.

A finalidade de ditas reunións é analizar o nivel de cumprimento acadado do programado ,así como a valoración dos resultados académicos obtidos, incluíndo se é preciso ,as propostas de mellora que se consideren oportunas para o curso ou seguintes anos, incorporándoos nese caso na memoria do departamento.